

deste anuncio, diante do servizo de secretaría desta delegación territorial, con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8-3º planta, Vigo, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Vigo, 23 de xaneiro de 2004.

P.S. (Artigo 12.1º d) do Decreto 312/2000)

Emilia Martínez González
Secretaría territorial de Vigo

ANEXO

Interesado	Procedemento
Alonso Carrera, Severino DNI: 76992579-X Cela-Atin, 17 Mos	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte. 7224/2002 Liq. 600011068166
Cambra Abalde, María Carmen DNI: 36025971-J Av. Portante, 18-1ºG Vigo	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte. 25524/2001 Liq. 000020012840
Cambra Abalde, María Carmen DNI: 36025971-J Av. Portante, 18-1ºG Vigo	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte. 25524/2001 Liq. 600100007392
Fariñas Alonso, Eva DNI: 36129900-M Chano Piñeiro, 3-8ºC Vigo	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte. 7944/2003 Liq. 600014075584
Pozo Vázquez, Marco Augusto DNI: 33310736-C Bueu, 31-3 DC Vigo	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte. 1498/2003 Liq. 600014033902

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Resolución do 3 de outubro de 2003 pola que se aproba o plan de utilización dos espazos portuarios de Sanxenxo (Pontevedra).

O ente público Portos de Galicia en cumprimento do artigo 15.2º da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de puertos del Estado y de la marina mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, redactou o plan de utilización dos espazos portuarios de Sanxenxo (Pontevedra) en xullo de 2002.

Seguindo o indicado na Lei 27/1992, o citado plan de utilización dos espazos portuarios foi tramitado polo ente público Portos de Galicia. Como resultado da tramitación do expediente, o dito plan foi modificado en marzo de 2003.

En reunión do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, celebrada o día 3 de abril de 2003, e en cumprimento do disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público Portos

de Galicia, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, acordouse da-la súa conformidade ó plan de utilización dos espazos portuarios de Sanxenxo, e elevalo e propolo para a súa aprobación.

A Dirección Xeral de Urbanismo, por medio do Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial da Delegación Provincial en Pontevedra da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, emitiu informe previo á aprobación. Como consecuencia dese informe, o dito plan foi modificado novamente en setembro de 2003.

Visto o expediente e o informe-proposta do técnico da Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia, así como a conformidade da directora do ente público Portos de Galicia.

O presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, conferida por Orde do 21 de novembro de 2002,

RESOLVE:

Aproba-lo plan de utilización dos espazos portuarios de Sanxenxo (Pontevedra) redactado en setembro de 2003 pola Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2003.

Carlos Negreira Souto
Presidente do Consello de Administración
do ente público Portos de Galicia

Resolución do 30 de xaneiro de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas de varios contratos administrativos.

O secretario xeral, actuando no nome do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, por delegación de atribucións segundo a Orde do 6 de marzo de 2003, resolveu adxudicalos seguintes traballos:

-Asistencia técnica de apoio á Dirección Xeral de Obras Públicas na tramitación de concesións.

Adxudicatario: UTE Eptisa-Idasa.

Orzamento: 895.493,09 euros.

-Subministracións de dous (2) camiós gasóleo con caixa basculante e guindastre ensamblado para os servizos provinciais de estradas da Coruña e Pontevedra, da CPTOPV da Xunta de Galicia.

Adxudicatario: Autos Lobelle, S.L.

Orzamento: 125.038,38 euros.

-Subministracións de catro (4) vehículos turismo gasóleo, encadrados no grupo D-1 para os servizos